

## A MIRADA INTERIOR

Domingo Tabuyo Romero ofrécenos, dentro da colección Tambo patrocinada pola Deputación de Pontevedra, unha nova mostra do seu quefacer poético: *A luz secreta*. Xa desde o título podemos intuír o regalo dun poemario intimista onde a presenza da amada o enche todo e resulta exemplo de perfección e beleza (“*enmudece o diccionario/ ante o mural aberto da túa mirada verde*”), luz que vivifica e ilumina os momentos cruciais da vida dun ser que se sente en harmonía co entorno. Por iso predomina no volume un ton pausado que nos enche de tranquilidade mentres imos revisando todo aquilo que alicerza a nosa existencia gracias a unha mirada íntima e cálida que reconforta.

*Tempos Novos*, 65, outubro 2002, p.72.